O ARCEBISPO
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xornada Internacional das persoas con discapacidade

ACHEGA A MIRADA

3 de decembro de 2026

Queridos irmáns e irmás:

Ás portas do Ano Santo Compostelán 2027, o lema desta Xornada, *Achega a mirada*, invítanos a mirar ás persoas con discapacidade cos ollos de Cristo. Esa mirada apréndese no encontro, cando nos achegamos, escoitamos o que desexan compartir e coñecemos as dificultades que atopan, tamén nas nosas comunidades e parroquias. É entón cando descubrimos a cada persoa coa súa historia, os seus dons e o seu xeito de vivir a fe.

O evanxeo de Marcos relata que, mentres Xesús saía de Xericó, un cego chamado Bartimeo o chamou desde o bordo do camiño. Moitos querían facelo calar, pero Xesús detívose, mandouno chamar e preguntoulle: "Que queres que che faga?" (Mc 10,51). Quixo escoitar dos seus beizos o que esperaba del. Tamén nós necesitamos aprender a escoitar así, sen dar por suposto o que o outro necesita nin decidir por el. Achegar a mirada esixe deixar que a súa palabra nos chegue e nos axude a comprender a súa vida.

Esta disposición nace dunha certeza: cada persoa é amada por Deus e posúe unha dignidade que ningunha discapacidade diminúe. Polo bautismo vinculámonos a Cristo e estamos chamados a participar na misión da Igrexa. As persoas con discapacidade son membros vivos e activos do Pobo de Deus. A súa oración, as súas preguntas e o seu testemuño enriquecen a fe que compartimos. Contemos coa súa voz ao preparar a catequese, organizar as celebracións e discernir xuntos a vida parroquial.

Durante este curso comezamos o novo itinerario de iniciación cristiá para nenos e adolescentes bautizados na infancia, que culmina aos trece anos. Ao poñelo en marcha, habemos de coidar o acompañamento de cada un. A diversidade de itinerarios que contempla o futuro *Directorio Diocesano para a pastoral de Iniciación e a Revitalización da Fe* responde a unha convicción fundamental: a fe que recibimos é a mesma, pero cada persoa necesita ser acompañada segundo a súa realidade, as súas capacidades e as súas circunstancias.

A experiencia da discapacidade axúdanos a comprender que non existe un único modo de percorrer o camiño da fe. Por iso necesitamos adaptar os materiais e as linguaxes, atender aos distintos modos de comunicarse e dedicar o tempo que cada un necesita. Trátase de que todos poidan coñecer a Xesucristo, celebrar os sacramentos e crecer na fe coa comunidade cristiá.

A peregrinación a Santiago ofrécenos unha imaxe próxima deste camiño compartido. Dirixímonos cara a unha mesma meta, aínda que avancemos a ritmos diferentes e necesitemos apoios distintos. Camiñar xuntos pídenos estar atentos a quen atopa dificultades e buscar con el o xeito de afrontalas. Revisemos, por iso, se é doado acceder aos nosos templos, se se entende o que comunicamos e se todos teñen oportunidades reais de asumir responsabilidades. Fagámolo coas propias persoas con discapacidade e as súas familias: escoitalas axudaranos a recoñecer barreiras que quizais nos pasan inadvertidas.

Quero ademais agradecer o traballo da Comisión Diocesana de Catequese DisFeRente, que reúne diversas realidades pastorais comprometidas con esta participación plena das persoas con discapacidade nas nosas comunidades e parroquias. Grazas aos que dedicades tempo, formación e creatividade a esta tarefa. E grazas, especialmente, ás persoas con discapacidade por canto achegades á vida da Igrexa, e ás familias pola vosa dedicación e por todo o que sostedes cada día. Temos moito que aprender do voso xeito de expresar e transmitir a fe.

Pidamos ao Señor que nos ensine a deternos como el ante Bartimeo. Que nas nosas comunidades atopemos tempo para escoitarnos e nos axudemos a participar cos dons que cada un recibiu. Así, alentados pola esperanza do Advento, poderemos peregrinar cara ao Ano Santo como irmáns que se recoñecen, se necesitan e se axudan a seguir a Cristo.

Co meu afecto e bendición.

+ Fco. J. Prieto

✠ Francisco José Prieto Fernández
Arcebispo de Santiago de Compostela